Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro
Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Ría de Vigo-A Guarda
Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Ría de Pontevedra
Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Ría de Arousa

Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



# INFORME FINAL DO PROXECTO CONXUNTO DE COOPERACIÓN

## "Mellora da gobernanza na xestión pesqueira artesanal no ámbito do Parque Nacional Illas Atlánticas"

OUTUBRO 2017

Cofradía de Pescadores San Martiño
Cofradía de Pescadores de Cangas y Aguiño
Cofradía de Pescadores "San Roque"
Confraría de pescadores San Martiño Bueu
Confraria de Pescadores "San José"
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

***EQUIPO TÉCNICO:***

***Responsable/Coordinador Técnico do Proxecto - Redacción :***

*Juan Manuel Gómez Blanco*

***Tratamento estatístico:***

*Juan Manuel Gómez Blanco*

*Montserrat García García*

*Elena Vázquez Portela*

***Traballo de Campo:***

*Juan Manuel Gómez Blanco*

***Tratamento GIS:***

*Juan Manuel Gómez Blanco*

*Victor Bouzas*

*José Manuel Taboada*

## *AGRADECEMENTOS:*

*As Confrarías de Pescadores de Cangas, Bueu, Portonovo, O Grove e Aguiño como promotoras do proxecto así como a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra como coordinadora do Proxecto queren agradecer nestas liñas primeiro, a Consellería do Mar a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola seu compromiso para con este proxecto e polo apoio económico a través da orde de axudas dos GALPs. Segundo as Xerentes dos GALPs de Vigo, Pontevedra e Arousa así como aos técnicos destes grupos polo seu apoio e asesoramento na xestión administrativa e xustificativa. Terceiro agradecer tamén os responsables do Organismo Autónomo do PN Illas Atlánticas pola colaboración mostrada durante o proceso.*

*Agradecer tamén ao equipo técnico do proxecto pola seu compromiso e dedicación en especial a Juan M. Gómez Blanco como Responsable e Coordinador deste equipo de profesionais.*

*E como non, un agradecemento especial a tod@s os pescadores/as, armadores/as e mariscadores/as que fixeron posible valorar a importancia social e económica deste proceso para así poder sentar as bases dunha xestión sostible dos recursos pesqueiros e marisqueiros no ámbito do PN Illas Atlánticas.*

**INDICE**

1. Introdución
2. Estrutura organizativa do proxecto
3. Obxectivos xerais
4. Obxectivos específicos
5. Descrición das fases
6. Metodoloxía
7. Análise xurídico – normativo
8. Dependencia social e económica da pesca artesanal no ámbito do PN das Illas Atlánticas.
9. Actividades e usos pesqueiros e marisqueiros artesanais no ámbito do PN Illas Atlánticas
10. Mesa de traballo co organismo PN Illas Atlánticas
11. Proposta de uso e xestión
12. Divulgación e comunicación do proxecto
13. Anexos

## 1. Introdución

A flota pesqueira tradicional e artesanal das Rías de Vigo, Pontevedra e Arousa ten como caladoiros habituais as augas de influencia do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Historicamente, os pescadores desta zona veñen desenvolvendo a actividade pesqueira dende décadas e, polo tanto, con anterioridade a que a zona fose declarada como Parque Nacional (P.N.). A riqueza das súas augas tanto a nivel produtivo pesqueiro como da biodiversidade fan que as especies comerciais mais importantes para esta flota se atopen nesta área.

Cabe subliñar polo tanto, que os pescadores artesanais contribuíron co seu uso e xestión a que especies de fauna e de flora, de interese para a sociedade, administracións e para a propia comunidade científica, se mantiveran ata hoxe en día, propiciando, deste xeito, a declaración de P.N.

Entre o 2010 e o 2013, a FAO fomentou un proceso mundial no cal participaron mais de 4.000 representantes dos gobernos, pescadores a pequena escala, organizacións de pescadores etc con carácter consultivo. Os resultados destas consultas serviron de base para os traballos dunha consulta técnica da propia FAO que se reuniu en maio de 2013 e en febreiro de 2014 co fin de chegar a un acordo sobre un texto final que dalgún xeito protexera a pesca e os pescadores tradicionais e artesanais de pequena escala que se traduciu na aprobación dunhas directrices "voluntarias" polo COFI na súa sesión nº 31 celebrada en xuño de 2014 e que representa un logro importante para asegurar unha pesca a pequena escala segura e sostible tratando de dar un espazo de tenencia e acceso preferencial a este segmento de flota nas zonas onde tradicionalmente realizan e veñen realizando a súa actividade dende décadas.

A lei 30/2014, de 3 de decembro de Parques Nacionais establece no sei artigo 15 letra e) como obxectivo *"contribuír ao*

*desenvolvemento socioeconómico do entorno dos parques nacionais, mediante a cooperación coas administracións e outros actores sociais presentes no territorio."*

Esta lei tamén establece no seu artigo 20 a elaboración dun Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) que será o instrumento de planificación das actividades que se permitan realizar no ámbito do parque. Dito plan reitor deberá estar aprobado no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor da citada lei (disposición transitoria segunda)[1] e que os usos e costumes tradicionais practicados de forma histórica polos propietarios, usuarios e residentes locais no entorno dos parques nacionais terán que ser recoñecidos como necesarios para a xestión e compatibles coa mesma (Art 33 1.)[2]

O proxecto "Mellora da gobernanza na xestión pesqueira artesanal no ámbito do Parque Nacional Illas Atlánticas" estará localizado no ámbito de dito Parque, ubicado nas tres rías da provincia de Pontevedra (Vigo, Pontevedra e Arousa). Intégranse no desenvolvemento do proxecto as confrarías con embarcacións que faenan habitualmente nesas augas.

Este proxecto conxunto de cooperación está enmarcado dentro da 1ª convocatoria do ano 2016 das axudas para proxectos de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas aos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) pola Consellería do Mar para o desenvolvemento

1 Disposición transitoria segunda. Aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) nos Parques Nacionais declarados. Os Parques Nacionais xa declarados que no conten con PRUX, as administracións competentes deberán aprobar os mesmos no prazo de tres anos a partires da entrada en vigor da presente Lei.

2 Articulo 33. Integración de usos e actividades locais. Os usos e costumes tradicionais practicados de forma histórica polos propietarios, usuarios e residentes locais no entorno dos parques nacionais, recoñecidos como necesarios para a xestión ou compatibles coa mesma, forman parte dos elementos modeladores da configuración do territorio que foi recoñecida como de interese xeral e, en consecuencia, son esenciais para o logro dos obxectivos dos parques nacionais, en tanto que forman parte dos valores esenciais a protexer. En tal sentido, nas leis declarativas dos parques nacionais atenderase á importancia singular da conservación activa e viable das actividades tradicionais.

sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020.

O proxecto consiste no traballo directo cos pescadores artesanais e as súas confrarías có obxectivo de mellorar a gobernanza e a xestión pesqueira na zona así como de asegurar o seu acceso as augas do ámbito do PN Illas Atlánticas (estas confrarías forman parte dos correspondentes Grupos de Acción Local de Pesca por cada ría -GALP Ría de Vigo - A Guarda, GALP Ría de Pontevedra e GALP Ría de Arousa-) polo que os concellos da zona litoral aos que se estende o proxecto serán todos os comprendidos nese espazo e o traballo conxunto final có Organismo Autónomo xestor do Parque Nacional.

A participación dos pescadores na toma de decisións é fundamental para empoderar ao conxunto do sector pesqueiro artesanal, xa que a maior responsabilidade do pescador, maior porcentaxe no cumprimento das normas de mantemento de emprego e de mellora da calidade de vida dos pescadores (conciliación no ámbito laboral-familiar) tanto para os armadores como para as tripulacións e as súas familias.

Polo tanto, unha mellor xestión pesqueira no ámbito das augas do P.N. tamén redunda nunha mellora da calidade de vida das poboacións costeiras e/ou comunidades pesqueiras e contribúe á vertebración social no territorio no conxunto das confrarías participantes do proxecto (ría de Arosa, ría de Pontevedra e ría de Vigo).

Todas as accións do proxecto están encamiñadas a reforzar o empoderamento do sector pesqueiro implicado no desenvolvemento da zona costeira, na custodia do territorio e no aproveitamento sostible dos recursos mariños.

Para iso, o proxecto está estruturado nunha serie de fases e todas as tarefas e actividades que se levarán a cabo terán inicialmente unha orde definida aínda que algunhas delas poderán solaparse

en función das necesidades detectadas e da propia natureza das mesmas.

Neste informe se reflicte a de forma clara a dependencia social, económica, produtiva e de dependencia que os pescadores artesanais teñen da zona obxecto do proxecto.

## 2. Estrutura organizativa do proxecto

Para unha boa organización das diferentes actividades e para asegurar a transparencia do proceso se acordou un método de funcionamento e estrutural tal e como se mostra no cadro seguinte:




A Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra funcionou como a coordinadora do proxecto asegurando a convocatoria das reunións tanto a nivel de comisión de traballo permanente, das reunións nas comunidades pesqueiras cos pescadores así como da interlocución e comunicación co Organismo Autónomo do PN

Illas Atlánticas. Ademais facilitou o contacto do equipo técnico coas organizacións pesqueiras.

A comisión de traballo permanente constitúese co obxectivo de ir valorando os avances do proxecto de cada unha das fases a medida que se ían producindo para estar en todo momento informados e ir tomando decisións en función dos resultados parciais.

En canto o equipo de traballo técnico, este componse de un responsable e coordinador técnico, dúas biólogas (técnicos) e dous responsables de tratamento en sistemas de información xeográfica. Este equipo de expertos son os encargados de realizar os traballos relacionados con todos aqueles aspectos técnicos do proxecto así como do establecemento da estratexia conxuntamente coa Federación Provincial de Pontevedra e coa comisión de traballo permanente (rescate de información cuantitativa e cualitativa, tratamento desta información, elaboración de informes técnicos, reunións cos pescadores para a recollida de información cualitativa, reunións coa comisión de traballo permanente para trasladar os avances do proxecto, asistencia as reunións co Organismo Autónomo do PN Illas Atlánticas etc)

As confrarías da Ría de Vigo, Pontevedra e Arousa con pescadores que realicen algún tipo de actividade no proxecto foron os encargados de convocar os respectivos pescadores en cada unha delas.

No que atinxe ao Organismo Autónomo do PN Illas Atlánticas, existiu ao longo do proceso unha comunicación fluída para ir trasladando avances do mesmo tanto por parte do equipo técnico como por parte do coordinador do proxecto co obxectivo

de ir consensuando medidas que favoreceran o bo desenvolvemento do proceso.

## 3. Obxectivos xerais

O obxectivo xeral do proxecto consiste en fortalecer a pesca a pequena escala e empoderar na gobernanza das súas actividades pesqueiras aos pescadores tradicionais a través do traballo de elaboración dun documento de diagnose que recolla a dependencia socio-económica das confrarías dos GALPs Ría de Arousa, Ría de Pontevedra, Ría de Vigo – A Guarda no ámbito das augas do P.N. Illas Atlánticas.

Do mesmo xeito tamén se recolle información directamente dos pescadores onde indican con claridade as zonas de traballo coas diferentes artes que legalmente posúen nas súas respectivas embarcacións.

A comunicación e outro dos principais obxectivos dentro do propio proceso tanto interna como externa así como a transparencia do mesmo. Esta ten que ser transversal ao longo de todo o proceso.

## 4. Obxectivos específicos

Entre os obxectivos específicos do proxecto destacan:

- Fomentar a participación do sector implicándoo na gobernanza e responsabilidade na xestión pesqueira, facéndoo así protagonista das medidas implementadas e permitindo desta forma a consolidación dos resultados.
- Xestionar e reducir os conflitos, na medida do posible, entre os diversos sectores e actores do proxecto.

- Reforzar o papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros.

Ademais, cabe ter en conta que a relevancia deste proxecto para estas zonas pesqueiras queda de manifesto atendendo aos valores que cada un dos GALP implicados nel recollen nos seus documentos estratéxicos, destacando entre eles:

- A importancia de manter un sector pesqueiro forte e cohesionado no territorio, no que se reforce a súa gobernanza e se aposte por un uso sostible dos recursos pesqueiros e do medio mariño, podendo “vivir do mar”.
- O principio de desenvolvemento sostible no uso dos recursos naturais presentes no territorio, co obxectivo de conservar a súa riqueza para as futuras xeracións.
- A conservación e preservación da riqueza natural, apostando por modelos de desenvolvemento sostible que manteñan os equilibrios dos ecosistemas.
- A protección do medio ambiente, das tradicións e das prácticas sostibles.
- A necesidade de contar cun sector pesqueiro forte, a través da cooperación e colaboración entre os diferentes axentes do territorio.
- A cooperación e participación como ferramentas que reforcen a cohesión social do territorio.
- O fomento da participación dos axentes sociais e do empoderamento das comunidades costeiras.
- A participación, implicación e información do conxunto de cidadáns e a colaboración e coordinación entre axentes territoriais como elementos centrais á hora de garantir unha boa xestión dos recursos.

Asemade, este proxecto contribúe en termos xerais aos obxectivos específicos da prioridade 1 do FEMP, que é fomentar unha pesca sustentable dende o punto de vista medioambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento.

En resumo, este proxecto contribúe de forma directa e significativa ao principio horizontal de desenvolvemento sostible a través do fomento e promoción da biodiversidade e protección dos ecosistemas mariños no ámbito do Parque Nacional Illas Atlánticas (figura de máxima protección ambiental a nivel do estado español) co fin de garantir en último termo beneficios de carácter socio-económicos e ambientais.

A non destrución de emprego no sector pesqueiro artesanal que opera nas augas do Parque Nacional tamén é unha prioridade. Por este motivo, considérase implicitamente integrada en todo o desenvolvemento do proxecto, o que podería redundar no futuro nunha mellora da empregabilidade dos beneficiarios, así como na mellora da competitividade do sector pesqueiro e a dignificación das profesións do mar, aumento do relevo xeracional e a xeración de novas oportunidades, entre outras.

## 5. Descrición das fases

O proxecto desenvolveuse en cinco fases aínda que, tal e como se vai a reflectir no apartado de metodoloxía as grandes dúas partes se poderían resumir un no rescate de información cuantitativa e unha segunda parte de rescate de información cualitativa.

**Fase 1 :** Recompilación da información relativa ás actividades que se desenvolven no ámbito do P.N. Illas Atlánticas (información cuantitativa)

A fase 1 do proxecto, que consistiu na recompilación da información relativa ás actividades que se desenvolven no ámbito do P.N. Illas Atlánticas, vense desenvolvendo dunha maneira constante e fluída dende o inicio do proxecto.

Para iso acordouse, nunha reunión inicial dos promotores do proxecto, a coordinadora do mesmo e o equipo técnico -para iniciar a organización e planificación do inicio do proxecto-, requirir unha serie de documentación e información por parte de cada confraría, como foi:

1) Nomear unha **persoa de contacto por cada confraría**: que será o principal nexo de comunicación entre os consultores (equipo técnico do proxecto) e cada confraría e coa que se manterá unha vía de comunicación aberta, fluída e constante a nivel técnico en función das necesidades detectadas e a evolución do proxecto. Para iso requiriuse o nome e apelidos, cargo no pósito e o/s medio/s a través dos cuais facer as oportunas comunicacións e intercambios de información.

Do mesmo modo, enviouse tamén a todas as confrarías a información de contacto dos consultores que desenvolven o proxecto.

2) Solicitóuselle inicialmente a cada confraría unha serie de **información cuantitativa** que a nivel técnico permita ser tratada estatísticamente de forma global e unificada para poder así extraer resultados estandarizados que axuden a elaborar un primeiro diagnóstico da situación.

   Ademais da solicitude formal realizouse un contacto directo vía telefónica e/ou presencial do equipo técnico coas confrarías.

Unha vez iniciadas xa estas actuacións, propúxose facer unha **reunión de presentación, organización e planificación** dos pasos a dar no proxecto. Esta tivo lugar o martes 22 de novembro en Arcade, na sede da Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra previa oportuna convocatoria por parte da coordinación do proxecto. A esta reunión asistiron representantes das confrarías promotoras do proxecto (patróns maiores e/ou secretarios), as responsables dos tres GALP implicados no proxecto, representantes da Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra e o equipo técnico do proxecto.

En vista das necesidades detectadas e dos requirimentos en termos xerais destas confrarías acordouse entre todos os presentes facer una reunión de presentación do proxecto esta vez para todas as confrarías das 3 rías co obxectivo de presentarlles de forma formal o proxecto, resolverlles cantas dubidas puideran ter así como estreitar os lazos de colaboración e comunicación en relación ao proxecto. Esta reunión celebrouse o venres 25 de novembro de 2016.

Ademais, e de forma paralela o equipo técnico mantivo comunicación con todas as confrarías para o rescate da información técnica solicitada previamente.

Esta primeira fase foi debidamente xustificada na anualidade 2016 mediante informe perceptivo.

**Fase 2 :** Análise da información cuantitativa.

O obxectivo desta segunda fase foi a de tratar a información cuantitativa recibida das diferentes confrarías de pescadores das tres rías obxecto do proxecto.

A información obtida se filtrou tratando de indentificar o nº de armadores que puideran realizar actividades pesqueiras dentro das augas do ámbito do PN Illas Atlánticas, porcentaxes de uso, facturación por embarcación etc (ver información enviada polas confrarías en formato excel para a anualidade 2016)

Destacar que a información que se obtivo nesta fase de análise foi unha información parcial e pouco efectiva a hora de reflexar a realidade xa que moitas das entidades non podían aportar datos nin de índole económico por cada unha das embarcacións nin de índole produtivo por non ser entidades que xestionen directamente lonxas.

Por outro lado, aquelas entidades que si xestionan lonxas directamente e que puideron aportar datos de índole económico das embarcacións ou produtivo non se poideron concretar en datos relevantes xa que non podían afirmar que porcentaxe de tempo se podería relacionar coa zona obxecto do proxecto.

Isto nos veu a certificar a gran importancia que ten para este tipo de procesos o rescate de información cualitativa.

Aínda así se puido ter unha primeira fotografía da situación sobre todo no tocante ao nº de embarcacións de cada unha das confrarías que dependían do ámbito do PN así como tamén

aquelas confrarías que non dependían en ningún caso desta zona. Isto facilitou moito o traballo da seguinte acción (convocatorias de pescadores en cada unha das confrarías afectadas e reunións para o rescate da información cualitativa)

**Fase 3 :** Proposta de uso e xestión pesqueira no ámbito do PN Illas Atlánticas (información cualitativa)

Nesta terceira fase o traballo realizado foi o de convocar e reunir aos armadores que foron identificados na fase anterior a fin de recoller toda a información cualitativa.

As convocatorias destas reunións foron feitas polo coordinador do proxecto (Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra). Ver anexo.

A información recollida nestas reunións foi a seguinte:

a) Artes de pesca por armador utilizadas nas augas do PN
b) Zonas de pesca por arte e por confraría
c) Zonas de pesca por arte e por Ría
d) Zonas de pesca por arte e por Isla
e) Nº de tripulantes por embarcación
f) Tempo de uso anual por armador das augas do PN (% uso)
g) Facturación media por embarcación en función do % de uso

Toda esta información foi trasladada a un sistema de cartografado dixital (Gvsig) para o seu tratamento.

A modo de resumo o que se realizou nesta fase foi a identificación, localización xeográfica e niveles de uso e explotación dos caladoiros de pesca e zonas de marisqueo definidos no entorno do ámbito do PN

Unha vez analizada toda esta información se puido valorar a importancia social e económica así como a dependencia que o sector pesqueiro ten das augas ámbito do PN por confraría e por ría.

Deste análise de información cualitativa sae a proposta de uso e xestión pesqueira.

**Fase 4 :** Divulgación dos resultados obtidos do análise e da proposta resultante no ámbito do PN Illas Atlánticas.

O obxectivo desta fase e a de informar e divulgar os resultados do proceso aos actores implicados así como a sociedade en xeral.

Esta tal e como se planteou na memoria do proxecto e una fase transversal ao longo de todo o proceso.

Se organizaron reunións informativas coa comisión de traballo permanente, coa coordinación do proxecto así como diferentes xornadas tanto ao inicio do proceso como ao remate así como reunións en confrarías concretas para informar dos avances do mesmo, asistencias a xornadas do GALP de Vigo etc.

**Fase 5 :** Mesa de traballo co Organismo Autónomo PN Illas Atlánticas.

O obxectivo desta fase era a de ter informado en todo momento ao organismo que xestiona o PN e para isto se mantiveron contactos ao longo de todo o proceso así como reunións para consensuar unha vez rematado o proxecto poder establecer unha colaboración e un consenso a hora do establecemento das medidas de xestión e tamén do seu seguimento.

## 6. Metodoloxía

As unidades de análise deste traballo foron as confrarías de pescadores e as embarcacións identificadas que presentaron actividade pesqueira e marisqueira así como do segmento de recursos específicos.

Para o levantamento de información se utilizou a técnica de investigación de información cuantitativa e cualitativa: reunións de traballo para rescate de información cos pescadores directamente o que se denomina como CET (coñecemento ecolóxico tradicional) e que ven a ter o mesmo nivel de validez que o propio coñecemento científico e que polo tanto son complementarios e suman para unha xestión sostible dos recursos mariños.

A dinámica imposta foi pola técnica de recollida de información directa o que esixiu que se establecesen diálogos flexibles cos informantes (pescadores). Aínda que se fixo necesario fixar un guión para estruturar as reunións e que estas fosen o mais sinxelas e prácticas posibles, se permitiu tamén dado a importancia e relevancia dos resultados que os pescadores consultados aportasen toda a información que considerasen oportuna e que puidera servir para sustentar co maior porcentaxe de éxito posible as propostas de xestión e usos.

E importante sinalar que o no desenvolvemento desta metodoloxía se basean nunha serie de principios: transparencia, lexitimación, participación, comunicación e consenso.

Confraría de

| Barco | Tripulantes | Arte empregada | Especies obxectivo | Illa | Pesca no P.N. por ano | Época | Produción estimada (kg) | Produción estimada (€) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

MODELO RESCATE INFORMACIÓN CUALITATIVA REUNIÓNS DE TRABALLO

As reunións se fixeron con grupos de máximo 10 armadores naqueles casos no que o nº destes fose superior a esta cifra. A duración destas variou dependendo do grupo aínda que o tempo medio estimado por xuntaza foi de entre 40 minutos a 1 hora de duración. Para aqueles armadores que non puideron asistir as reunións presenciais se contactou telefónicamente. Destacar neste apartado que a resposta foi moi exitosa xa que os armadores implicados foron o 98% dos identificados nas fases previas. Este traballo de campo foi realizado durante os meses de abril a outubro de 2017.

Todas as reunións de traballo foron realizadas nas sedes das confrarías implicadas.

Cabe subliñar que a Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra actúa ao longo de todo o proxecto como coordinadora do mesmo. As súas funcións consisten en:

- Coordinación do proxecto.
- Informar da evolución do proxecto aos axentes implicados nel.
- Velar polo bo desenvolvemento do proxecto.

- Convocar as reunións da "Comisión Permanente de Traballo" así como da "Mesa de Traballo" co Organismo Autónomo P.N. Illas Atlánticas.
- Facilitar o contacto do equipo técnico coas confrarías de cada un dos GALP.
- Dispor dun local na sede da Federación que será de uso do equipo técnico para realizar os labores que afecten ao proxecto (traballos técnicos, reunións, etc.).

Asemade, o equipo técnico de consultores pesqueiros foi o que se encargou do desenvolvemento a nivel técnico do proxecto. Este equipo, constituído por profesionais con ampla experiencia na xestión pesqueira galega, nacional, comunitaria e internacional, estivo en continua comunicación coa coordinadora do proxecto así coma coas confrarías e os responsables das mesmas en relación ao proxecto e as súas actuacións velando en todo momento pola boa evolución e suceso deste proxecto.

## 7. Análise Xurídico – Normativo

Este apartado aínda que non estaba previsto na memoria do proxecto para a súa execución e despois da deliberación coa coordinadora do proxecto así como cos membros da comisión de traballo permanente e co equipo técnico considerouse imprescindible obter un análise xurídico e/ou con base normativa das actividades tradicionais tales como a pesca artesanal.

En base a esta circunstancia se analizou por un lado aqueles instrumentos internacionais que se consideraban de protección a pesca artesanal ou a pequena escala así como a lei 30/2014, de 3 de decembro de Parques Nacionais co obxectivo de sentar bases xurídicas que protexeran a actividade dos pescadores artesanais e mariscadores así como os usos e costumes tradicionais destes no ámbito das augas do PN.

1. As Directrices voluntarias para lograr a sustentabilidade da pesca a pequena escala, tradicional ou artesanal foron publicadas no ano 2014, concretamente no 31º período de sesións (COFI) celebrado en xuño deste ano.

Estas son o resultado dunha elaboración participativa de abaixo arriba, partindo das recomendacións do Comité de Pesca (COFI) nas súas 29º e 30º períodos de sesións.

Un dos seus obxectivos e o de promover a contribución da pesca a pequena escala e artesanal a un futuro sustentable dende o punto de vista económico, social e ambiental. Tamén fala de que as comunidades de pescadores de pequena escala ou artesanais deberán participar nos procesos de toma de decisións e asumir responsabilidades con respecto ao uso sostible dos recursos pesqueiros. Este, e coincidente con un dos obxectivos do proxecto.

Si ben estas directrices teñen carácter voluntario para os estados, tamén se menciona que, deberían aplicarse as pesquerías a pequena escala en todos os contextos e ter un alcance xeral e aplicarse de conformidade cos sistemas xurídicos nacionais.

Na parte 2 – 5a Gobernanza responsable da tenencia di que **os estados deberían velar por que os pescadores e traballadores da pesca de pequena escala e as súas comunidades gocen de dereitos de tenencia seguros, equitativos e apropiados desde o punto de vista social e cultural sobre os recursos pesqueiros e das zonas de pesca en pequena escala.**

No punto 5.8 di que **os estados deberían adoptar medidas para facilitar o dereito de acceso os recursos pesqueiros das comunidades de pescadores artesanais** e no 5.9 de **velar porque non se expulse arbitrariamente as**

**comunidades de pescadores a pequena escala e porque non se supriman os dereitos lexítimos de tenencia**.

Todas estas contribucións de ámbito internacional veñen a asegurar o respecto e os dereitos das actividades tradicionais así como o recoñecemento e a protección dos pescadores artesanais e dos usos e costumes destes.

Cabe destacar tamén a modo de referencia que o Parlamento Latinoamericano para os países de Latinoamerica e O Caribe está a traballar nunha "Lei Modelo de Pesca Artesanal ou en Pequena Escala" que será de aplicación en todo o continente Latinoamericano e no Caribe. Esta Lei o que pretende e a aplicación directa das Directrices Voluntarias da FAO publicadas en 2014.

No art.18 Dereitos de acceso preferencial, deste borrador de Lei di que **" os estados adoptarán medidas concretas para facer realidade os dereitos de acceso preferencial os pescadores artesanais ou de pequena escala a pesca en augas sometidas a xurisdición nacional ......."**

No ámbito nacional a Lei 30/2014, de 3 de decembro de Parques Nacionais establece ao longo do seu texto e articulado medidas de protección das actividades tradicionais e que polo tanto no caso do PN Illas Atlánticas implica directamente as actividades propias da pesca artesanal e marisqueo tradicionalmente utilizadas na zona. Na propia exposición de motivos de dita Lei, establecese que **"así mesmo, a lei protexe aqueles usos e actividades tradicionais practicadas de forma histórica por propietarios, usuarios ou residentes locais,..........as**

**administracións públicas desenvolverán programas específicos para a preservación das actividades tradicionais e a súa incorporación a actividade ordinaria do parque nacional”**

No art.5 de obxectivos di que **“o desenvolvemento sostible das poboacións implicadas, en coherencia co mantemento dos valores culturais, do patrimonio inmaterial e das actividades e usos tradicionais consustanciais o espazo”**.

O art. 20 Plans Reutores de Uso e Xestión, punto 6. Letra c) di que **“estes tamén poderán conter medidas para asegurar a compatibilidade da actividade tradicional e o desenvolvemento económico do entorno coa conservación do parque nacional”.**

No que respecta ao art. 33. Integración de usos e actividades locais. Nos seus puntos 1., 2. e 4., di que **“ os usos e costumes tradicionais practicados de forma histórica polos propietarios, usuarios e residentes locais no entorno dos parques nacionais se integrarán......”**, **“as administración públicas desenvolverán programas específicos para a preservación destas actividades tradicionais.....”** e, **“dentro dos programas de apoio en áreas de influencia socioeconómica se prestará especial atención a creación de emprego, a estabilidade laboral e social no desenvolvemento destas actividades tradicionais, o tempo que se potenciará a súa mellora tecnolóxica, a súa incorporación comercial e a súa proxección social ”.**

A modo de resumo deste apartado, podemos concluír que existe unha base xurídica – normativa o suficientemente potente para respectar e manter as actividades e usos tradicionais no ámbito do PN das Illas Atlánticas no que atinxe ao sector pesqueiro artesanal, marisqueiro e as súas comunidades dependentes.

E máis, atreveriamos a dicir que as propias disposicións internacionais e nacionais protexen xuridicamente dito sector así como fan posible a súa total compatibilidade.

## 8. Dependencia social e económica da pesca artesanal no ámbito do PN Illas Atlánticas

Neste punto vamos a describir a importancia social e económica que ten o ámbito das augas do PN para a flota pesqueira artesanal das Rías de Vigo, Pontevedra e Arousa.

Este análise se realizou despois de completar con éxito as fases de rescate de información cuantitativa e cualitativa.

### a) Ría de Vigo:

No que respecta a Ría de Vigo se identificaron 6 confrarías con embarcacións que pescan no ámbito do PN sendo a Confraría de pescadores de Cangas a comunidade con mais presenza e polo tanto con mais dependencia sendo esta do 100 % sendo a porcentaxe de dependencia total media da flota da Ría de Vigo para as Illas Cíes dun 92,5 %

O número de embarcacións totais na Ría de Vigo que dependen directamente das augas do PN son un total de 245 cun total de 495 tripulantes que, dependen directamente das pescas obtidas nesta zona. Das 245 embarcacións e cos datos facilitados por cada un dos armadores a ampla maioría pescan na zona do PN unha media de entre 9 e 11 meses ao ano.

A illa principal de acceso son as Illas Cíes pola proximidade aos portos bases excepto as embarcacións con porto base na confraría de Aldán-Hío que alternan as faenas de pesca entre as Illas Cíes e a Illa de Ons, sendo a zona Sur das Illas Cíes máis frecuentadas polas embarcacións da Confraría de A Guarda e Baiona.

No que atinxe a importancia económica a facturación media anual no conxunto da Ría de Vigo e nas Illas Cíes estimase en 6.340.786,38 € (información facilitada polos armadores so para as actividades de pesca exceptuando o marisqueo e recursos específicos así como a pesca coa arte de cerco).

No seguinte cadro mostrase dependencia Social e económica das comunidades pesqueiras para a Ría de Vigo:

| COFRADÍA | EMBARCACIONES | TRIPULANTES | FACTURACIÓN | % USO | ISLA |
|---|---|---|---|---|---|
| A GUARDA | 5 | 15 | 250.000.00 | 90 % | CÍES |
| BAIONA | 19 | 38 | 325.786.38 | 90 % | CÍES |
| VIGO | 12 | 24 | 240.000.00 | 100 % | CÍES |
| REDONDELA | 47 | 94 | 705.000.00 | 85 % | CÍES |
| CANGAS | 154 | 308 | 4.620.000 | 100 % | CÍES |
| ALDAN - HÍO | 8 | 16 | 200.000.00 | 90 % | CÍES/ONS |
| TOTAL | 245 | 495 | 6.340.786,38 | 92.5 % | |
| | | | | | |

Fonte: elaboración propia

## b) Ría de Pontevedra:

Na Ría de Pontevedra se identificaron 7 confrarías con embarcacións que pescan no ámbito do PN sendo a Confraría de pescadores de Bueu a comunidade con mais presenza e polo tanto con mais dependencia sendo esta do 100 % sendo a porcentaxe de dependencia total media da flota da Ría de Pontevedra para Illa de Ons dun 94 %. A segunda Confraría con mais presenza no ámbito da Illa de Ons e a Confraría de Portonovo.

O número de embarcacións totais na Ría de Pontevedra que dependen directamente das augas do PN son un total de 247 cun total de 507 tripulantes que, dependen directamente das pescas obtidas nesta zona. Das 247 embarcacións e cos datos facilitados por cada un dos armadores a ampla maioría pescan na zona do PN unha media de entre 10 e 11 meses ao ano, tendo en conta que a ampla maioría se dedican a pesca con nasa de polbo, estas teñen unha parada anual de un mes ou mes e medio por ano polo que se pode deducir dunha dependencia case do 100% para esta flota.

A illa principal de acceso e a Illa de Ons tamén pola proximidade aos portos bases desta ría.

No que atinxe a importancia económica a facturación media anual no conxunto da Ría de Pontevedra e nas Illade Ons estimase en 7.630.000 € (información facilitada polos armadores so para as actividades de pesca exceptuando o marisqueo e recursos específicos así como a pesca coa arte de cerco).

No seguinte cadro mostrase dependencia Social e económica das comunidades pesqueiras para a Ría de Pontevedra:

| COFRADÍA | EMBARCACIONES | TRIPULANTES | FACTURACIÓN | % USO | ISLA |
|---|---|---|---|---|---|
| BUEU | 158 | 316 | 4.740.000 | 100 % | ONS |
| MARIN | 7 | 14 | 105.000 | 85 % | ONS |
| LOURIZAN | 15 | 30 | 600.000 | 95 % | ONS |
| PONTEVEDRA | 11 | 23 | 275.000 | 86 % | ONS |
| RAXO | 19 | 38 | 665.000 | 100 % | ONS |
| SANXENXO | 13 | 26 | 325.000 | 90 % | ONS |
| PORTONOVO | 24 | 60 | 920.000 | 100 % | ONS |
| TOTAL | 247 | 507 | 7.630.000 | 94 % | |

Fonte: elaboración propia

## c) Ría de Arousa:

A Ría de Arousa aínda que a mais numerosa en nº de confrarías se identificaron tamén 7 comunidades con embarcacións que pescan no ámbito do PN sendo a Confraría de pescadores de Ribeira primeiro e Aguiño segundo as comunidades con mais presenza seguidas das Confrarías de O Grove e Cambados sendo

a porcentaxe de dependencia total media da flota da Ría de Arousa para as Illas de Salvora e Cortegada dun 93 %.

O número de embarcacións totais na Ría de Arousa que dependen directamente das augas do PN son un total de 393 cun total de 789 tripulantes que, dependen directamente das pescas obtidas nesta zona. Das 393 embarcacións e cos datos facilitados por cada un dos armadores a ampla maioría pescan na zona do PN unha media de entre 7 e 10 meses ao ano aínda que moitas delas realizan a actividade os 12 meses do ano alternando artes que posúen nos seus permisos de explotación (permex).

A illa principal de acceso e a Illa de Salvora pero tamén aínda que en menor medida a Illa de Cortegada.

A importancia económica de facturación media anual no conxunto da Ría de Arousa estimase en 11.204.028.4 € (información facilitada polos armadores so para as actividades de pesca exceptuando o marisqueo e recursos específicos así como a pesca coa arte de cerco).

No seguinte cadro mostrase dependencia Social e económica das comunidades pesqueiras para a Ría de Arousa:

| COFRADÍA | EMBARCACIONES | TRIPULANTES | FACTURACIÓN | % USO | ISLA |
|---|---|---|---|---|---|
| AGUIÑO | 109 | 218 | 1.769.028,42 | 100 % | SALVORA |
| PALMEIRA | 16 | 32 | 480.000 | 85 % | SALVORA |
| RIBEIRA | 198 | 336 | 5.940.000 | 98 % | SALVORA |
| POBRA | 4 | 10 | 160.000 | 100 % | SALVORA |
| RIANXO | 5 | 10 | 75.000 | 75 % | CORTEGADA |
| CAMBADOS | 30 | 90 | 920.000 | 90 % | SALVORA |
| O GROVE | 31 | 93 | 1.860.000 | 100 % | SALVORA |
| TOTAL | 393 | 789 | 11.204.028,4 | 93 % | |

Fonte: elaboración propia

A modo de resumo mostrase no seguinte cadro a importancia social e económica das comunidades pesqueiras no ámbito da

totalidade do PN Illas Atlánticas por cada unha das Rías obxectodo proxecto:

| RÍA | EMBARCACIONES | TRIPULANTES | FACTURACIÓN | % USO | ISLA |
|---|---|---|---|---|---|
| VIGO | 245 | 495 | 6.340.786,38 | 92.5 % | CÍES / ONS |
| PONTEVEDRA | 247 | 507 | 7.630.000 | 94 % | ONS |
| AROUSA | 393 | 789 | 11.204.028,4 | 93 % | SALVORA / CORTEGADA |
| TOTAL | 885 | 1.791 | 25.174.814,78 | 93,2 % | |

Fonte: elaboración propia

**Como se pode comprobar so coa actividade de pesca artesanal e tradicional dependen directamente das augas do PN 1.791 familias sendo a facturación media estimada de 25.174.814.78 € cunha dependencia directa do 93.2 %.**

**Estes datos, veñen a certificar o alto grado de dependencia directa que as Confrarías de Pescadores así como o conxunto das comunidades pesqueiras costeiras teñen do PN tanto a nivel social como económico sendo o principal motor económico das zonas obxecto do estudo.**

## d) A pesca coa arte de Cerco no ámbito do PN

Se inclúe a pesca de Cerco neste estudo a petición das confrarías xa que estas, consideran que e unha actividade mais pesqueira e que contribúe a un importante factor de riqueza para as comunidades dependentes do PN.

No cadro seguinte se mostra no mesmo que coa pesca artesanal tradicional a importancia social e económica que xera o PN no que respecta a este segmento de flota:

| EMBARCACIONES | TRIPULANTES | FACTURACIÓN | % USO | ISLA |
|---|---|---|---|---|
| 60 | 510 | 12.300.000 | 75 % | SALVORA / ONS /CÍES |

Fonte: elaboración propia

**Tal e como se pode comprobar son 510 familias as que viven directamente desta arte que pesca ao longo das Illas Cíes, Ons e Sálvora cunha facturación media de 12.300.000 € e cunha dependencia do 75 % para a flota de cerco con portos base nas Rías de Arousa, Pontevedra e Vigo.**

## e) Marisqueo e Recursos Específicos.

De todos e sabido tamén a importancia que ten o marisqueo e os recursos específicos na zona declarada como PN  polo que se considera imprescindible contabilizar estas actividades incluíndoas polo tanto como "actividades tradicionais" e sumando a actividade propia de artes menores ou pesca artesanal e a actividade pesqueira con arte do cerco.

No seguinte cadro se mostran os datos de dependencia social e económica desta actividade:

| COFRADÍA | Nº MARISCADORES | RECURSO | FACTURACIÓN (€) | % USO | ISLA |
|---|---|---|---|---|---|
| CANGAS | 22 | NAVALLA | 767.715,00 | 67.5 % | CÍES |
| CANGAS | 37 | PERCEBE | 371.233,00 | 53 % | CÍES |
| CANGAS | 12 | ERIZO | 100.944,00 | 58 % | CÍES |
| CANGAS | 10 | AMEIXA RUBIA (ENDEÑO) | 63.945,00 | 35 % | CÍES |
